

XIII EXPOSICIÓN TAL COMO ERAMOS FOTOS PARA O RECORDO

Inauguración:

Venres 28 de agosto de 2026-20:00
SALA DO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA
Aberta ata o 20 de outubro



O Instituto de Estudos Chairegos “Pena do Encanto” (Iescha), coa colaboración do **Concello de Vilalba**, inaugura o venres, día **28 de agosto de 2026, ás 20:00 horas, na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal de Vilalba**, a mostra fotográfica “**Tal como eramos. Fotos para o recordo**”, que chega á súa **XIII edición**.

Esta mostra está integrada por **208** fotografías procedentes da fototeca do **IESCHA**, e é posible grazas ás aportacións de moitos veciños e veciñas de Vilalba e comarca.

As fotos que compoñen a Exposición, repartidas en 26 paneis, son de temática variada (Deportes, Celebracións, Feiras e Festas, Música, Nenas e Nenos, Grupos, Oficios e Actividades, Paisaxes e Recantos, Paseos, etc.) e a maioría delas corresponden á 1ª metade do pasado século XX, coa incorporación dalgunhas máis recentes.

A décimo terceira edición de **Tal como eramos-Vilalba** poderá ser contemplada

dende o mesmo venres 28 de agosto (inauguración) ata o **20 de outubro de 2026** na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal de Vilalba, no horario estipulado de apertura.

Todas estas fotos, xunto coas da exposición de “Tal como eramos” de Guitiriz, incluíranse no apartado correspondente do *Caderno de Estudos Chairegos nº 13*, que se editará a finais do presente ano 2026.